



Entrevistamos a...



Ricardo García Mira
PROFESOR DE PSICOLOXÍA
SOCIAL E AMBIENTAL
NA UDC

"A psicoloxía ambiental proporciona respostas chave a algúns dos retos sociais"

[Ler máis...](#)



Cristina Tomé Barros
TÉCNICA DE MEDIO
AMBIENTE NA CONCA
DO LÉREZ

"A autocompostaxe é unha vía de prevención que aproveita os residuos no mesmo lugar de orixe"

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Javier Domínguez Lino agradeceu ao xurado a concesión do galardón a unha empresa pública que traballa "polo benestar e a calidade de vida de todos os galegos"

O premio foi concedido á empresa na modalidade de xestión medioambiental, poñendo de relevo o transcendental labor que leva a cabo en Galicia a través da xestión e tratamento dos residuos urbanos producidos por 295 concellos, a práctica totalidade do territorio galego.



[Ler máis...](#)

Multimedia



Que boas prácticas coñeces para aforrar enerxía?

[Ver o 16 videoconto dos Trebón...](#)

Este verán, clica no Caderno Verde!

[Ler máis...](#)

Bótalle unha partida ao xogo en liña "Separa para reciclar"!

[Ler máis...](#)

Eventos



Resolución Cervo Respecta



O xogo "Un partido polo planeta", en Aranga e no Vicedo



Visita ao Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo)



Sogama conmemora o Día Mundial do Medio Ambiente



Actividades da asociación Xaquedrum para o verán



Xornada sobre videoxogos



Manifesto polo "Vertido cero"

[Máis eventos...](#)

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

[Ler máis...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

• Lasaña de lacón con grelos

[Ver receita...](#)

Entrevistamos a...



Ricardo García Mira

Doutor en Psicoloxía e profesor de Psicoloxía Social e Ambiental na Universidade da Coruña (UDC)

"A escola ten que ser vista como un axente activo na creación do cambio ambiental"

O currículo de Ricardo García Mira é tan extenso como os seus coñecementos en sustentabilidade e educación ambiental. Doutor en Psicoloxía, profesor de Psicoloxía Social e Ambiental na Universidade da Coruña, e presidente de IAPS (International Association for People-environment Studies), compatibiliza o seu labor académico coa investigación en varios grupos e proxectos a prol do medio ambiente e da economía verde.

Como foi evolucionando o concepto de educación ambiental durante os últimos anos e cales son as súas prioridades agora mesmo, tanto en España coma no contexto europeo.

A educación ambiental vén atravesando unha profunda transformación desde os enfoques máis tradicionalistas baseados no papel da experiencia e da transmisión de coñecemento para a formación de cidadáns competentes, hasta aqueles outros enfoques que cuestionan estes modelos top-down (de arriba abaixo) de socialización baseada no papel dos expertos, cuestionando os valores que subxacen tras a educación ambiental. Agora propónse un enfoque máis centrado na promoción de modelos de construción de significados máis que de adopción de significados sobre medio ambiente. O coñecemento é socialmente construído e, polo tanto, os programas de educación ambiental teñen que recoñecer e construírse sobre esta tese máis que sobre maiores niveis de conciencia ambiental para mudar as actitudes. En canto á escola, como parte do ambiente, ten que cambiar tamén e abrirse ás familias e aos contextos informais que proporciona a comunidade, de maneira que chegue a ser vista como un axente activo na creación do cambio, máis que un transmisor pasivo de información ou valores.

"Agora somos todos máis 'ecoloxistas', pero aínda non acadamos un cambio significativo para inverter o deterioro do planeta"

As prioridades actuais están enmarcadas no desenvolvemento e culminación, o próximo ano 2016, do proxecto Green Lifestyles, Alternative Models and Upscaling Regional Sustainability (GLAMURS) sobre estilos de vida sustentable, que coordino desde a Universidade da Coruña. Este é unha das apostas da Comisión Europea para abordar a investigación sobre cambios cara a estilos de vida sustentables e economía verde en Europa.

[SEGUIR LENDO...](#)

Entrevistamos a...

Cristina Tomé Barrios

Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Percíbense diferenzas no comportamento ambiental da cidadanía entre os distintos países europeos? Sempre dicimos que os do norte están máis concienciados e que son máis respectuosos coas normas, que hai de certo nisto?

Os problemas ambientais, na medida en que teñen principalmente unha orixe no comportamento humano, na sociedade, son máis que un problema ambiental, son un problema social. Ao ter a súa orixe no comportamento, hai diferenzas en como os cidadáns afrontan as cuestións relacionadas coa xestión dos residuos, coa enerxía ou coa mobilidade, por poñer algúns exemplos.

A planificación ambiental chega tanto á escola como ao resto das organizacións da sociedade civil, que a través de programas específicos manteñen normas e regras que cumprir, estimuladas desde as organizacións que participan na xestión comunitaria de asuntos ambientais, descentralizados en moitos casos, e xestionados directamente polos veciños. A programación de educación ambiental transversal ten sido un factor clave de desenvolvemento, que permitiu ver o tratamento dos problemas ambientais como dimensións esenciais da vida comunitaria, tan esenciais como a saúde ou a educación.

A poboación parece estar moi sensibilizada desde a dimensión ambiental, pero a realidade é que estamos asistindo a un progresivo deterioro do noso planeta. Que está a suceder?

Hai unha alta sensibilización coa problemática ambiental, así o din a meirante parte dos estudos que realizamos. De acordo con isto, ao ser todos máis ecoloxistas, digamos, debería reducirse a tendencia. Sen embargo, a realidade é que, a pesar de tanta concienciación e do volume de investigación desenvolvida ata a data de hoxe, así como dos esforzos na orientación de políticas ambientais na maioría dos países do mundo occidental, aínda non se ten chegado a alcanzar un cambio significativo, nin no consumo nin na produción, de xeito que chegue a invertirse a situación ou a reducir as proxeccións devastadoras diagnosticadas polo IPCC (International Panel for Climate Change) no que aos ecosistemas se refire.

Neste caso, destaca o papel da psicoloxía ambiental que está proporcionando respostas clave a algúns dos retos sociais e a ser cada vez máis recoñecida dentro do amplo campo das ciencias ambientais. Esta proporciona tanto marcos conceptuais para a comprensión de aspectos esenciais dos problemas ambientais globais, como metodoloxías para explorar as interaccións entre os individuos e o medio ambiente.

Entre outros cometidos, vostede dirixe o grupo de investigación Persoa-Ambiente da Universidade da Coruña e desde entón teñen materializado distintos estudos vinculados, entre outras temáticas, á análise de actitudes ambientais.

"A educación é un factor que permitiu ver o tratamento dos problemas ambientais como algo esencial"

Fálenos deste grupo, cales son as súas prioridades e que destacaría das distintas investigacións realizadas no marco do mesmo.

O Grupo de Investigación Persoa-Ambiente constituíuse na Universidade da Coruña no ano 1995, aínda que xa en 1993 empezamos a desenvolver actividades de investigación no Grupo de Traballo de Medio Ambiente vencellado ao Instituto de Estudos e Investigación Psicosocial "Xoán Vicente Viqueira", creado nese mesmo ano. Esta colaboración coa Universidade da Coruña e a constitución do grupo de investigación permitiu desenvolver distintos proxectos relacionados coa xestión dos residuos (a partir do afundimento do vertedoiro de Bens na Coruña), coa xestión da enerxía (no marco do programa "Intelligent Energy" da Unión Europea), ou de avaliación da percepción do risco con motivo do desastre do Prestige ocorrido en 2002 e dos incendios forestais de 2006, que devastaron decenas de milleiros de hectáreas do monte galego.

[SEGUIR LENDO...](#)

Entrevistamos a...

Cristina Tomé Barrios
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Entre as prioridades actuais, analizamos a xestión ambiental en contextos complexos de organización, poñendo a énfase no estudo de factores de impacto das políticas ambientais na conducta ambiental dos traballadores nos lugares de traballo e a transferencia de coñecemento e prácticas a outros contextos da vida cotiá. Para que as transicións cara a sociedades sustentables teñan lugar, é necesario abordar tanto o consumo como a produción e conceptualizar os estilos de vida como patróns de actividades que forman parte de contextos situacionais específicos como lugares de traballo, fogares, ou comunidades.

O Grupo de Investigación chegou a consolidarse na Comunidade Autónoma de Galicia, e é hoxe un grupo punteiro no ámbito das Ciencias Sociais en España, na abordaxe de transicións cara a sustentabilidade e no modelado de condutas sustentables e na predición de conduta proambiental. Pode atoparse máis información sobre o noso traballo en www.people-environment-udc.org.



García Mira durante un congreso da UIMP na Escola Galega de Administración Pública

Por que costa tanto educar e formar á sociedade na xestión sostible dos residuos?

É precisamente polo que antes comentei. A sociedade está suficientemente concienciada, e téñense invertido as maiores cantidades de recursos da historia para iso. Sen embargo, a xente segue a amosar resistencia para o cambio, para involucrarse na separación do lixo. Isto ten que ver con que non é suficiente coa formación e a transmisión de coñecementos para tratar de obter a competencia na acción cidadá. É dicir, as estratexias illadas centradas nos residuos non garanten a eficiencia. É necesario enmarcar a acción e as campañas ambientais en estratexias de cambio cara a estilos de vida máis sustentables, menos dependentes do carbono, cara a escenarios de redución do consumo, de consumo responsable e de racionalización económica con produción máis ecolóxica orientada a un desenvolvemento máis verde.

Nos últimos tempos emerxeu con forza o concepto de "innovación social". Que é e cara a onde nos leva?

Innovación social podería definirse como un proceso de xeración de prácticas sociais que se relacionan directamente coa busca de solucións a problemas e retos sociais, á súa vez vinculados a novas formas de comunicación e cooperación.

A nosa visión da innovación social pretende aumentar o seu impacto e potencial, de xeito que poida conducirse á cidadanía a unha situación que facilite o empoderamento e o cambio na sociedade, tanto para o que é relevante como para o que é práctico.

Actualmente estamos implicados no proxecto TRANSIT, patrocinado polo 7º Programa Cadro da Unión Europea, que está estruturado arredor de 4 focos temáticos: gobernanza, aprendizaxe social, financiación e avaliación. É un proxecto de investigación ambicioso, que desenvolverá unha teoría da innovación social transformadora e utilizará unha metodoloxía comprensiva de información proveniente de emprendedores sociais e innovadores, políticos e académicos para desenvolver unha teoría con relevancia práctica. Consiste nun conxunto de achegas doutras teorías como a teoría das transicións, a teoría dos movementos sociais ou a teoría institucional, que pretenden estudar como a innovación social pode traer consigo empoderamento e transformación social.

SUBIR

Entrevistamos a...

Cristina Tomé Barrios
Técnica de Medio Ambiente na
conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico
Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración
de Sogama aproba a licitación da
ampliación das instalacións
de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor
(Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as
depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para
profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do
programa de compostaxe doméstica
da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe
continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do
programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de
"Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa
Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



Cristina Tomé Barros

Técnica de Medio Ambiente nos tres concellos da Conca do Lérez, isto é, Cerdedo, Campo Lameiro e Cotobade.

"A autocompostaxe mellora as taxas de recollida selectiva permitíndolle aos concellos rebaixar a factura polo seu tratamento"

Cristina Tomé, como técnica de Medio Ambiente de Cerdedo, Campo Lameiro e Cotobade, coñece ben a realidade dos concellos rurais de Galicia. Con ela falamos da compostaxe doméstica e dos retos que as entidades locais afrontan no ámbito da xestión de residuos.

Cales son os principais problemas medioambientais aos que debe facer fronte un técnico de medio ambiente en municipios de similares características aos que conforman a conca do Lérez?

Sen lugar a dúbidas o saneamento e a recollida dos residuos urbanos. Estamos ante concellos rurais, con núcleos de poboación moi afastados entre si, o que supón instalacións de saneamento independentes para cada un deles.

Cotobade, cunha poboación de pouco máis de 4.400 habitantes, ten que facer fronte a día de hoxe ao mantemento de máis de 25 sistemas de depuración distintos e aínda moitos dos seus núcleos non contan con saneamento. En Cerdedo e Campo Lameiro a situación é case idéntica.

"No futuro hai que ter en conta o gasto enerxético fronte á escaseza de recursos dos concellos rurais"

O problema radica na falta de recursos económicos, humanos e de coñecemento técnico para poder levar a cabo o axeitado mantemento. A isto súmase, na miña opinión, a mala elección do sistema de depuración para a realidade de cada concello e, por suposto, a falta de mantemento en anos anteriores por parte dos mesmos. No futuro hai que tomar decisións que teñan en conta o mantemento e gasto enerxético do sistema

fronte á escaseza de recursos cos que contan os concellos rurais. Considero que sería interesante unha maior coordinación entre as distintas administracións galegas. Non poden repetirse situacións como a instalación nun mesmo concello dunha depuradora de biodiscos, outra de oxidación total e un compacto biofiltro por parte dunha administración supramunicipal e, posteriormente, traspasar a titularidade e mantemento aos concellos. Entidades sen coñecemento técnico para mantelas operativas nin coñecemento previo das esixencias que lles ía supoñer esas depuradoras no futuro.

SEGUIR LENDO...

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira

Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



Cristina Tomé afronta os retos que supón traballar na temática medioambiental en varios concellos rurais

En canto á recollida dos residuos urbanos, a situación é idéntica á maioría dos concellos galegos do rural. A elevada dispersión territorial entre núcleos con moi pouca poboación provoca elevados custos na recollida dos seus refugallos.

Resulta evidente que a alta dispersión da poboación supón unha seria limitación á hora de recoller o lixo, incrementando os custos para os concellos. Algunha solución?

Primeiro contar cun plan de xestión municipal dos residuos urbanos que recoñeza as particularidades de cada concello como zona rural con núcleos de poboacións illados, que teña en conta o comportamento da xeración de residuo nese concello e, en consonancia, prevea solucións específicas. Moitas veces o que funciona nun concello pode ser non viable noutro. Cada concello debe dirixir os seus esforzos a reducir en orixe o lixo. Apostar pola xestión da fracción orgánica mediante a autocompostaxe, desviando así gran parte dos refugallos xerados fóra do sistema de recollida municipal, xa que representa máis do 40% da bolsa de lixo.

"Cada concello debe dirixir os seus esforzos en reducir en orixe os residuos que xera"

No caso dos tres concellos nos que traballo, a estratexia marcada é descentralizar a xestión do lixo, tratar en orixe a fracción orgánica e promover a prevención, reutilización e reciclaxe dos residuos fomentando unha participación proactiva dos cidadáns. A incorporación da autoxestión da materia orgánica permitirá reformular a optimización da recollida das outras fraccións e, dunha forma especial, na fracción resto. Así, a implantación da autocompostaxe decídese co obxectivo de mellorar as taxas de recollida selectiva e, polo tanto, coa confianza de diminuír a cantidade de residuos que se verten no colector xenérico, o que permitiría rebaixar a factura polo seu tratamento. O concello de Cerdedo foi o primeiro en elaborar un Plan Local de Xestión. A previsión de implantación é no mes de setembro e vai servir como proxecto piloto para o Consorcio.

Cerdedo e Campo Lameiro decidiron sumarse no seu momento ao programa de compostaxe doméstica de Sogama. Con que perspectivas e que agardan conseguir con esta iniciativa?

A fracción orgánica é a fracción maioritaria dos residuos (un 42% segundo o PXRUG). Polo tanto, a súa autoxestión permite un importante aforro de custos ás entidades locais. A autocompostaxe supón unha valorización "in situ" e considérase unha vía

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO...

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

de prevención posto que non entran no sistema de xestión e se aproveitan no mesmo lugar de orixe.

Os beneficios son múltiples. Dende o ámbito medioambiental, reciclando a materia orgánica en orixe, depositanse menos desperdicios no colector verde convencional, o que permitirá reducir a frecuencia de recollida e, polo tanto, as emisións de CO₂ derivadas do transporte. Ao mesmo tempo, estaríamos pechando o ciclo de recuperación da materia orgánica. Dende o económico, dado que os restos orgánicos supoñen a fracción maioritaria da bolsa de lixo, entregaranse menos residuos en planta e, polo tanto, reducirase o importe da factura a pagar pola súa xestión. E dende o ámbito social, recupérase unha tradición en Galicia na que se xera un produto final (compost) de alta calidade e redúcese o uso de abonos e fertilizantes químicos.

Como está respondendo a veciñanza no ámbito da recollida selectiva en xeral?

Hai situacións de todo tipo, sinceramente. Están os cidadáns cunha alta conciencia e que teñen un comportamento exemplar, apostando por un concello máis sustentable. Na maioría dos casos, corresponde con cidadáns que no seu día estiveron a vivir en países europeos onde xa sabemos que teñen outra conciencia ambiental respecto a España. Logo están os cidadáns que nos din que necesitan información máis clara para reciclar, nas súas propias palabras, "menos letras e máis debuxos". E, por último, atopamos comentarios como "eu non reciclo porque logo vén o camión e recolle todo mesturado" ou "eu non vou esforzarme por reciclar se o meu veciño non o está a facer e ao final os dous pagamos o mesmo".

Que residuos entrañan maiores dificultades para a cidadanía á hora de seleccionalos e depositalos no contedor correspondente?

Polas dúbidas que me formula a xente, quizais os envases de plástico e metal. Moita xente relaciona o colector amarelo con calquera residuo de plástico e non só cos que son envases. Por exemplo, hai cidadáns que cren que deben tirar nese colector un cepillo de dentes, unha tixola ou un xoguete de plástico.

O concepto de envase non se ten claro, ao igual que a diferenza de vidro e cristal para o iglú verde.



Tomé afirma que moitos cidadáns dubidan á hora de separar os tipos de residuos

[SEGUIR LENDO...](#)

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira

Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

A técnica de Medio Ambiente cre na comunicación cos usuarios para garantir unha mellor reciclaxe

Entendemos que os labores de educación ambiental resultan claves na mellora da xestión do lixo. Que actividades están a desenvolver ou prevén desenvolver nestas localidades a medio prazo?

A única garantía para alcanzar niveis altos de reciclaxe é unha boa separación selectiva en orixe e para iso necesítase un alto nivel de implicación da cidadanía.



O énfase na comunicación cos usuarios debe poñerse tanto no funcionamento da recollida selectiva (como facelo) como en demostrar as vantaxes (por que facelo). Comunicarlles a realidade de que cada vez xeramos máis lixo por persoa e a todos eses residuos hai que darlles unha saída, cuxa xestión é cada vez máis custosa para as arcas municipais. Os concellos están a destinar dos presupostos municipais unha cantidade de diñeiro cada vez maior para xestionar os residuos do colector xenérico e que poderían empregar noutros servizos se separamos correctamente o lixo.

No caso do concello de Cerdedo, coa implantación do Plan Local de Xestión dos RSU vaise iniciar unha campaña coa entrega de trípticos onde se contemplan todos os sistemas de recollida que o ente local vai ofrecer aos cidadáns, con imaxes dos residuos que deben ir en cada colector e carteis nos recipientes xenéricos de cara a concienciar á xente para reciclar. Levaranse tamén a cabo reunións en cada núcleo de poboación, mesmo visitas porta a porta. Poñeranse a disposición pública distintas canles de participación como unha nova páxina web do departamento de medio ambiente, correo electrónico e teléfono de atención ao cidadán.

SUBIR

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Mundo SOGAMA

Javier Domínguez Lino recolle en Oviedo o Premio Cantábrico Excelente 2015

O presidente de Sogama recibiu o galardón durante o acto celebrado o pasado 26 de xuño na capital asturiana



Javier Domínguez Lino durante e tras a entrega do galardón

O galardón foi concedido á empresa na modalidade de xestión medioambiental, poñendo de relevo o trascendental labor que leva a cabo en Galicia a través da xestión e tratamento dos residuos urbanos producidos por 295 concellos, dando cobertura a máis de 2,6 millóns de habitantes.

Entre os distintos aspectos valorados polo xurado, destaca a ampla cobertura da actividade de Sogama, que abarca todo o territorio galego, o pleno cumprimento da lexislación vixente e o seu carácter integral e solidario. O xurado tamén destacou na súa elección as medidas de control ambiental que lle permiten levar a cabo unha actividade absolutamente respectuosa coa contorna e coa saúde pública.

O acto de entrega do galardón tivo lugar o pasado 26 de xuño en Oviedo. No transcurso da súa intervención, e trala proxección dun vídeo promocional de

A entidade pública foi premiada polo seu traballo de xestión dos residuos urbanos e polas súas medidas de control ambiental

Sogama, o presidente da empresa pública, Javier Domínguez Lino, agradeceu ao xurado a concesión do premio a unha empresa pública que traballa "polo benestar e a calidade de vida de todos os galegos". Sogama está participada no 51 por cento pola Xunta de Galicia e no 49 por cento restante polo Grupo Gas Natural.

Recoñecemento europeo

Xa en 2012 Sogama recibiu o recoñecemento público da Comisión Europea a través dun informe [ex post](#) no que quedaron acreditados os beneficios que a compañía ten para o medio ambiente, a economía e a cohesión social.

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Complexo industrial de Sogama en Cerceda (A Coruña)

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación das obras de ampliación da infraestrutura industrial da empresa pública

Esta actuación permitirá á entidade reducir en máis dun 30 por cento o envío de lixo a vertedoiro

Valoradas en arredor de 30 millóns de euros, inclúen a construción dunha nova planta de recuperación dos envases contidos no lixo en masa e a remodelación da actual nave de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible, así como unha planta de compostaxe industrial. O prazo de execución é de 18 meses e a previsión é que estas novas instalacións estean a pleno rendemento en 2017.

Na reunión autorizouse, así mesmo, a licitación do proxecto construtivo da planta de compostaxe, que se situará no verte-

doiro controlado de Areosa e terá unha capacidade para 15.000 toneladas anuais.

En xeral, a ampliación das instalacións permitirá reducir en preto de 80.000 toneladas anuais o envío de residuos a vertedoiro, de acordo coas exigencias comunitarias e cos obxectivos do [Plan galego de xestión de residuos urbanos 2010-2020](#).

Deste xeito, Sogama mellorará o rendemento e a sustentabilidade ambiental das súas instalacións emprazadas no municipio de Cerceda (A Coruña). Aquí centralízase o tratamento dos residuos urbanos producidos por un total de 295 concellos galegos.

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Visita das delegacións estranxeiras de Lipor e de Macedonia



O presidente de Sogama exerceu de mestre de cerimonias en ambas visitas estranxeiras

Sogama traballará xunto coa empresa portuguesa Lipor en aspectos comúns tales como a implantación de sistemas de recollida de lixo, sensibilización social ou intercambio de experiencias técnicas. Así mesmo, a Sociedade dependente da Xunta de Galicia mostrou o seu modelo de xestión a inspectores medioambientais macedonios.

O equipo directivo de Lipor devolveu en maio pasado a visita realizada no seu momento por Sogama ás instalacións portuguesas. Lipor é a firma encargada de xestionar os residuos xerados por oito municipios da zona de Grande Porto (Portugal), combinando a compostaxe industrial coa valorización enerxética da parte non reciclable.

Ambas as dúas entidades firmaron o pasado 18 de maio, na sede de Sogama en Cerceda, un protocolo de colaboración. O acto estivo arroupado coa presenza da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez.

Nesta colaboración transfronteiriza aboradaranse preocupacións comúns tales como a implantación de sistemas de recollida de lixo, campañas de comunicación e sensibilización social, programas de formación conxunta, recuperación de refugallo orgánicos, fabricación de compost de alta calidade e intercambio de experiencias no ámbito técnico, prestando especial atención á valorización enerxética. A cita foi organizada pola Agrupación Europea

de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT).

Outra visita estranxeira recibida en maio foi a dunha Delegación da República de Macedonia, integrada por inspectores medioambientais interesados no cumprimento dos parámetros contemplados na Autorización Ambiental Integrada (AAI), con atención ao control de emisións e á correcta xestión de augas residuais. O evento estaba enmarcado nun proxecto Twinning da Unión Europea abandeirado por España, no que Galicia actúa como líder, contando coa participación de Holanda e Portugal.

Aumento das visitas en maio

En xeral, en maio incrementáronse un 40 por cento as visitas ao complexo industrial de Cerceda respecto ao mesmo mes de 2014. Ademais das delegacións estranxeiras, polas instalacións da entidade pública tamén pasaron veciños de concellos e centros escolares convidados no marco da campaña autonómica "[Separemos ben, reciclaremos mellor](#)".



[Ver fotos das visitas ás instalacións](#)

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Concurso público relativo á ampliación e mellora das plantas depuradoras de Sogama

O prazo para presentar as ofertas remata o 28 de agosto. O importe estimado é superior aos 2,5 millóns de euros, tendo un período de execución de tres anos

Sogama sacou a concurso público, por un importe de 2.655.480 euros e un prazo de execución de tres anos, a prestación do servizo de operación e mantemento, tanto preventivo como correctivo, das dúas plantas depuradoras (unha físico-química e outra biolóxica) coas que conta o complexo medioambiental de Cerceda (A Coruña). O prazo para a presentación de ofertas conclúe o próximo venres 28 de agosto.

No prego de condicións, a disposición dos interesados na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia e [na páxina](#)

[web de Sogama](#) ou no DOG do 8 de xuño de 2015, esíxese que as propostas técnicas teñan en conta todos os aspectos necesarios para cumprir cos requisitos contemplados na Autorización Ambiental Integrada (AAI) e as súas posteriores modificacións, así como toda a normativa legal aplicable.

O adxudicatario deberá someterse a unha serie de garantías e, no caso de non dar resposta favorable ás mesmas, Sogama contempla a imposición de diferentes sancións administrativas.



Prego da licitación

SUBIR

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Conclúe o curso de formación en liña dirixido ao profesorado de ensino secundario

Sogama espera repetir esta experiencia educativa no período 2015-2016 dado o seu excelente aproveitamento educativo

Baixo o título "A xestión dos residuos urbanos no modelo Sogama", o curso abordou unha serie de temáticas vinculadas, entre outras cuestións, á xestión do lixo, á estratexia comunitaria dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), ao cometido e infraestrutura industrial da empresa pública Sogama, á situación actual da xestión dos residuos en Europa e España, e á compostaxe doméstica.

Así, con 30 horas lectivas e unha duración de dous meses, o obxectivo desta actividade formativa foi achegar o labor de Sogama aos docentes, nutrindo os seus coñecementos ambientais e, polo tanto, contribuíndo a unha mellor aprendizaxe dos alumnos na materia.

Para aprobar este curso en liña, os profesores tiveron que superar os correspondentes test vinculados a cada tema



e elaborar unha actividade pedagóxica a través da cal levar á práctica o principio dos tres erres.

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, expresou a súa total satisfacción respecto desta iniciativa, que a entidade espera repetir no período 2015-2016. Domínguez mostrouse convencido do total apoio que os docentes están a prestar aos distintos programas educativos impulsados pola Sociedade Galega do Medio Ambiente.

SUBIR

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Superada con éxito a segunda visita ás vivendas do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

O cento por cento dos enquisados recomendarían a experiencia a outras persoas



Composteiro entregado nas vivendas

que visitaron *in situ* o 95 por cento das vivendas. Casa por casa, os profesionais puideron comprobar que os composteiros se atopaban plenamente operativos.

En xeral, esta iniciativa prestouse para dous fins. O primeiro, capacitar aos cidadáns na correcta fabricación de compost a escala doméstica. A segunda, para levar a cabo unha tarefa de concienciación ambiental en torno á problemática representada polos refugallos e a importancia que, neste contexto, ten a separación en orixe dos mesmos, propiciando a redución dos custos de xestión e transporte.

Os resultados das enquisas de avaliación foron tamén moi satisfactorios. Obtívose unha alta valoración do programa e, en particular, o cento por cento dos enquisados recomendarían a experiencia a outras persoas.

Concellos adscritos

Os concellos adscritos a esta experiencia son os seguintes: A Bola, A Gudiña, A Rúa, Amoeiro, Baltar, Boborás, Castrelo de Miño, Lobeira, Lobios, O Carballiño, Os Blancos, Ribadavia, Rubiá, San Cibrao das Viñas, San Xoán de Río, Sarreaus, Trasmiras, Pobra de Trives, Vilamartín de Valdeorras e Xinzo de Limia.

Concluída a segunda visita de seguimento realizada ás vivendas que participan no programa de compostaxe doméstica promovido pola Deputación de Ourense, os resultados son máis que satisfactorios. O programa lévase a cabo en 20 concellos que teñen delegado o servizo de xestión de residuos no ente provincial.

O balance positivo da primeira visita de seguimento, realizada entre o 22 de decembro de 2014 e o 30 de xaneiro de 2015, chegou ata a ser mellorado nesta segunda, xa que os participantes contaban con maior bagaxe e experiencia.

Os encargados de realizar o seguimento do programa foron técnicos especialistas na materia dunha empresa independente

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

SUBIR

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

“Separemos ben, reciclaremos mellor” continúa o seu percorrido por Galicia

A aula móbil da campaña autonómica da reciclaxe achegouse a unha decena de concellos e asociacións para promover a recollida selectiva en orixe e incrementar os índices de reciclaxe.

A aula móbil da campaña autonómica “Separemos ben, reciclaremos mellor” segue sumando quilómetros no seu labor divulgativo e didáctico para formar á veciñanza na correcta xestión dos residuos urbanos.

Nos últimos tres meses, os educadores ambientais estiveron no centro penitenciario de Pereiro de Aguiar, nos concellos de Rodeiro, Verín, Mañón, Santiso, Monforte de Lemos, Santa Comba e

Cenlle, na festa de Voz Natura, na Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo, e na Aula da Natureza do Río Miño. No marco do programa, tamén visitaron o complexo medioambiental de Cerceda, veciños dos concellos de Miño e Vilanova de Arousa, así como escolares de Verín.

Para os nenos

En moitos casos, as explicacións efectuadas por educadores ambientais desde o mostrador da aula móbil estiveron complementadas polo xogo xigante da reciclaxe e por un hinchable, actividades dirixidas aos máis cativos.

“Separemos ben, reciclaremos mellor” é unha iniciativa educativo-ambiental promovida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Sogama, que conta igualmente co apoio de Ecoembes, Ecovidrio e os sistemas integrados de xestión de pilas (Ecopilas, Ecolec e ERP).

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

Segunda caracterización do programa “Recíclate con Sogama”

Premios escolares da 3ª edición de “Recíclate con Sogama”

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



Os nenos son un dos grandes protagonistas durante a visita da aula móbil

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Mellora dos niveis de reciclado nos trece centros de ESO do programa educativo "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Así o acreditaron os resultados dos proxectos de recollida selectiva instaurados nos recintos dos distintos colexios a principios de curso

Se os resultados da primeira caracterización realizada en abril nos [13 centros](#) xa foron satisfactorios, os correspondentes á segunda mostraxe resultaron ata mellores. De feito, nunha escala de 0 a 15 puntos, catro centros alcanzaron a máxima puntuación, o que vén a evidenciar unha perfecta selección dos refugallos en orixe e un correcto depósito dos mesmos nos recipientes axeitados.

A análise realizouse nos contedores amarelo (envases lixeiros), azul (papel e cartón) e verde convencional (fracción resto) que conforman as illas de reciclaxe subministradas pola empresa pública, e que foron complementadas coa dotación de composteiros naqueles centros que dispoñen de servizo de comedor.

De cara a nutrir a formación dos pequenos, a Sociedade tamén proporcionou aos 13 colexios diverso material didáctico e divulgativo de apoio a través do cal explicou o alcance da iniciativa, proporcionando as pautas a seguir para que os proxectos desenvolvidos resultasen exitosos.

Nestes nove meses, o contacto permanente coas escolas permitiu á compañía realizar un seguimento real das distintas actuacións, dándolle pé a comprobar a evolución do programa en cada caso particular, prever incidencias e resolver problemas. Así mesmo, as visitas do xogo xigante "Un partido polo planeta" e as visitas ao complexo medioambiental de Sogama en Cerceda conseguiron reforzar o proceso.



[Consultar lista de centros participantes](#)

[SUBIR](#)

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira

Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros

Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Premios escolares da terceira edición do programa educativo "Recíclate con Sogama" 2014-2015



Alumnos do IES A Cachada de Boiro durante unha visita a Sogama

O IES A Cachada de Boiro logra o primeiro posto no concurso co seu proxecto "Reduciclando"

O segundo premio recaeu no IES Pedra da Agüa de Camariñas, co proxecto "Reciclamos separando", mentres que o terceiro foi para o IES Plurilingüe As Bizocas do Grove, con "Concurso os tres erres". Os galardóns, que consisten en vales intercambiables para a adquisición de material escolar por valor de 500, 300 e 150 euros, respectivamente, serán entregados a principios do próximo curso académico.

Ademais, concedéronse tres accésits para recoñecer o traballo daqueles centros que, sen ser gañadores, destacaron polo seu bo facer. Así, o primeiro accésit foise para o CPI Curros Enríquez de Pazos de Borbén, o segundo para o CPR Plurilingüe Divina Pastora de Ourense e, o terceiro, para o CPR Plurilingüe Nuestra Señora de la Asunción de Sarria.

A convocatoria do certame foi lanzada conxuntamente por Sogama e pola Con-

sellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en abril, estando aberta aos [13 centros de ESO participantes](#).

Valoración

A análise dos proxectos -a cargo dun xurado- rexeuse por criterios previamente definidos. Entre eles, o grao de cumprimento dos obxectivos e liñas estratéxicas do Plan Proxecta da Xunta de Galicia (50 por cento), a calidade dos residuos depositados nos colectores (30 por cento), e o nivel de implicación das familias e os concellos (20 por cento).

O obxectivo de "Recíclate con Sogama" é fomentar a recollida selectiva de residuos nas escolas e promover a súa correcta xestión por parte da comunidade educativa. Sogama dotou aos colexios co material necesario para desenvolver o programa (illas de reciclaxe, bolsas de cores, composteiros nos centros con comedor e diversas ferramentas didácticas e divulgativas) e, por parte dos centros, resultou esencial a figura do profesor coordinador.

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Sogama e a CEL renovan a súa colaboración en formación ambiental

O acordo pon de relevo o nicho de negocio e de emprego que representa o medio ambiente

O presidente da empresa pública, Javier Domínguez Lino, e o secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López Vázquez, renovaron o pasado 18 de xuño o convenio a través do cal a primeira prestará o seu apoio na organización e desenvolvemento de diversas actividades formativas vinculadas ao desenvolvemento sostible. As accións dirixiranse, de forma prioritaria, a traballadores, empresarios, autónomos e emprendedores, así como a desempregados de Lugo.



Jaime López e Javier Domínguez Lino durante a firma do acordo

A experiencia previa que avala este acordo foi cualificada por ambas partes como "moi positiva", toda vez que, en meses pasados, se celebraron en Lugo varias xornadas que tiñan como nexos comúns o medio ambiente. Foi o caso da dedicada á xestión dos residuos empresariais en Galicia, ás posibilidades do ecodeseño para o aforro, e á agricultura ecolóxica, con gran proxección na nosa comunidade.

Potencial laboral

Tendo en conta a base do tecido produtivo da provincia de Lugo, que se atopa ligado a sectores tales como o agrario, o pesqueiro, o lácteo ou o forestal, a formación en materia ambiental cobra aquí todo o seu sentido xa que se considera un nicho de negocio e emprego.

SUBIR

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Fomento do emprego verde desde o ámbito académico

Sogama e a Fundación Campus de Lugo retomaron a colaboración iniciada en 2014, para dar continuidade ás actividades formativas dirixidas aos estudantes da Escola Universitaria de Relacións Laborais

Os máximos responsables das dúas entidades, Javier Domínguez Lino e Mario Outeiro Iglesias, asinaron un convenio de colaboración a través do cal ambos se comprometen a levar a cabo un traballo conxunto que redunde en beneficio do cu-

rrículo académico do alumnado da Escola para contribuír á súa formación integral en materia ambiental.

Tomando como referencia o auxe do emprego verde, que ten un dos seus máximos expoñentes na recollida e tratamento do lixo, levaranse a cabo distintas actuacións especializadas, destacando a celebración dunha xornada específica sobre a actividade dos sistemas integrados de xestión de residuos.

Pola súa banda, Sogama dará a coñecer a súa actividade industrial entre os universitarios, avaliando para isto a posibilidade de que estes efectúen unha visita guiada ao seu complexo industrial de Cerceda.



As actividades contribuirán á formación integral dos universitarios lucenses

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

[SUBIR](#)

Novo convenio coa CEL de Lugo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia

Planeta Verde: Concurso de ideas para aforrar enerxía



Pechar ben as billas, dar unha ducha rápida en lugar de bañarse, apagar as luces ao saír dunha habitación,... son pequenos grandes xestos para aforrar enerxía! "E todos moi doados de cumprir", aseguran Os Trebón, a nosa familia extraterrestre favorita. Co pouco tempo que levan no noso planeta, eles xa aprenderon estas boas prácticas para gañar o concurso do profesor Uxío. O premio, unha viaxe no Bilibús e unha rica merenda na súa casa! Mmm!

[Ver vídeo...](#)

Este verán, clica no Caderno Verde

Unha boa forma de aproveitar as mañás do verán pode ser visitar o portal educativo www.cadernoverde.com. Nesta web, os máis cativos da casa descubrirán unha forma divertida para non esquecer os coñecementos aprendidos durante o curso relacionados con materias tales como matemáticas, lingua galega, castelá ou inglés, coñecemento do medio ou educación artística e, sempre, utilizando o medio ambiente como materia transversal. As fichas didácticas están dirixidas aos ciclos de infantil, primeiro e segundo ciclo de primaria.

Se ben a presentación dos contidos se fai dunha forma divertida e amena, outro dos ingredientes que potencia a conexión cos nenos son as personaxes protagonistas das historias. A coñecida familia Trebón (os extraterrestres



Anselmo, Carola, Lucas e o can Antenas), os seus amigos Lilia, Vito e o gato Evaristo; e tamén Mauro, Sol, Simón, Olalla e Lino. Sen dúbida, unha gran cuadrilla coa que pasar o verán!

[SUBIR](#)

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es





Bota unha partida ao xogo en liña **Separa para reciclar!**

Esta aplicación para móbiles permite achegarse cun só clic ao traballo da empresa pública

Se queres entretemento e diversión, "[Separa para reciclar](#)! Este é un instrutivo pasatempo en liña para pequenos e maiores con tres niveis de dificultade ao que recorrer nos momentos de ocio.

De feito, centos de internautas xa o comprobaron nos últimos meses constatando que, ademais de pasar un intre agradable, esta actividade lúdica lles serviu para formarse na correcta segregación dos residuos e posterior depósito dos mesmos nos distintos contedores de recollida selectiva habilitados nas vías públicas.

SUBIR

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Resolución do concurso "Cervo Respecta 2015"



Primeiro premio xuvenil, "Solpor", de Daría Bakteeva

O concello lucense de Cervo premiou, coa colaboración de Sogama, as mellores fotografías ambientais que mostran a beleza paisaxística e natural da nosa terra no marco da quinta edición do concurso "Cervo Respecta 2015".

Os galardóns foron entregados o pasado 5 de xuño, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente. Na categoría de adultos fíxose co primeiro premio Consuelo Fra Fernández (Cervo) cunha imaxe da factoría de Alcoa e do tráfico portuario. O segundo recaeu en Pedro A. Vicente Canoura (Xove) cunha

foto dun neno bebendo nunha fonte; e o Top Cervo levouno Juan Antonio Fernández Vázquez (Xove), coa súa obra "Presa nocturna", inmortalizada en Sargadelos.

Na categoría xuvenil, Daría Bakteeva conseguiu o primeiro posto grazas ao seu traballo "Solpor", que recrea unha vista da praia de Areoura, en Foz. Tamén se adjudicou o Top Cervo a unha imaxe da praia de Rueta titulada "Tendendo pontes". O segundo galardón foi para Icíá Morandeira Rey, coa súa foto "Raposos descansando", realizada en Xove.



O xogo "Un partido polo planeta", en Aranga e no Vicedo

Os nenos dos concellos de Aranga (A Coruña) e O Vicedo (Lugo) conmemoraron o Día Mundial do Medio Ambiente coa visita do xogo xigante de Sogama "Un partido polo planeta". Durante 15 días o taboleiro xigante permaneceu no CEIP A Castellana de Aranga e na sede da Asociación do Nordés, respectivamente.

Dado que na protección do medio ambiente a xestión sostible dos residuos urbanos ocupa un lugar destacado, ambas as dúas entidades quixeron dispoñer dun instrumento lúdico co que aprender, pero tamén co que divertirse e celebrar esta data sinalada en verde no calendario.

SUBIR

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Apoio á formación ambiental no penal lucense de Monterroso

Sogama e o Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo) proseguirán coa súa colaboración no ámbito medioambiental. Así se acordou na reunión que unha comitiva do penal, encabezada polo seu Director, Antonio Rivera López, mantivo a principios de xuño no complexo medioambiental de Sogama co seu presidente. Javier Domínguez Lino comprometeuse a seguir apoiando á institución na formación ambiental dos reclusos como un dos ingredientes de peso contemplados no programa marco de reinserción social. Froito deste bo entendemento, o máximo responsable da empresa pública asistiu ao acto de entrega de diplomas aos internos que cursaron estudos homologados no centro durante o período 2014-2015.

Así, o convenio que Sogama e o centro penitenciario subscribiron hai un ano continuará en vigor coa pretensión de intensificar as accións xa iniciadas e ata melloralas. Neste sentido, destaca o exitoso programa de compostaxe doméstica ou as actividades desenvolvidas con



As hortas do centro abónanse co compost fabricado polos internos

motivo da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor".

Exemplo a seguir

Non é de estrañar que Monterroso se erixira en todo un exemplo a seguir por outros centros penitenciarios da nosa comunidade, de España e incluso de Europa. A clave do seu éxito radica nunha filosofía de traballo que prima o esforzo diario, a complicidade e o traballo en equipo e, por suposto, o pleno convencemento de que o seu labor repercutirá favorablemente no proceso de reinserción social.

Sogama conmemora o Día Mundial do Medio Ambiente

Sogama conmemorou o 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente, cunha xornada informativa e formativa na que abordou os pormenores da compostaxe doméstica e as vantaxes, tanto ambientais como económicas, que achega a agricultura ecolóxica. Este é un ámbito no que a Sociedade pública leva traballando máis de catro anos a través do programa de compostaxe doméstica que xa conta con 153 entidades adscritas (100 delas concellos) e máis de 4.500 composteiros repartidos.



Ademais dos relatorios dos responsables de Sogama, as explicacións sobre a compostaxe doméstica foron impartidas pola empresa Ingesyma, mentres que os detalles relativos á agricultura ecolóxica os

proporcionou a firma Agronovo. Para finalizar, os asistentes participaron nun percorrido guiado polas instalacións do complexo industrial para despois recibir os diplomas de asistencia.

Entre os convidados había voceiros dos concellos adscritos ao programa de compostaxe doméstica, ademais de profesores, representantes de asociacións e empresarios.

SUBIR

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Primeira festa do xadrez educativo de Vigo

Sogama sumouse á Primeira Festa do Xadrez en Vigo, unha cita popular que, promovida por [Xadrez Galego](#), tivo lugar na fin de semana do 20 e 21 de xuño. No Real Club Náutico chegaron a xuntarse preto dun milleiro de persoas. A colaboración da empresa pública traducíuse fundamentalmente na achega de diverso material divulgativo e de merchandising co que se obse-
quiou aos gañadores.



Un verán de xadrez e medio ambiente en Lugo

[Xaquedrum](#), coa colaboración de Sogama e outras entidades públicas e privadas, organizou un amplo abano de actividades para a tempada estival en Lugo. Os programas "Xaque nas Aulas", a Festa Final do Xadrez, o "Baúl Viaxeiro", os campamentos de verán, a "Viaxe pola Historia do Xadrez" e

"Verán Lúdico" (próxima edición do 16 ao 29 de agosto na piscina exterior Frigsa) son as accións máis destacadas dun verán entretido e formativo.

En todos os casos, o medio ambiente ocupará un lugar relevante, recordando aos participantes a importancia que ten o principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) para levar a cabo unha xestión sostible dos residuos urbanos.

O obxectivo das distintas actuacións é fomentar a práctica do xadrez, con indubidables beneficios intelectuais e sociais, e contribuír, igualmente, a conciliar a vida familiar e persoal. De feito, o Parlamento de Galicia instou a intensificar esta disciplina nas escolas.



Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

[SUBIR](#)

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Xornada sobre videoxogos

Representantes de Sogama participaron o 30 de xuño na xornada "Xogar tamén é cousa seriedade", promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para dar maior visibilidade á industria do videoxogo na nosa comunidade, poñendo de relevo os seus beneficios no ámbito formativo.

Sogama conta con tres xogos educativos en liña sobre xestión de residuos orientados a escolares de infantil ([Asociar](#)), primaria ([Secuencias](#)) e secundaria ([Toma de Decisións](#)). A través deles pretende ensinarlle aos alumnos a discriminar os refugallos a depositar en cada contedor de recollida selectiva, a



visualizar o percorrido que estes deben facer desde que se xeran ata que se reciclan ou valorizan enerxeticamente, e a reflexionar sobre os hábitos de consumo e compras responsables.



Ver os xogos educativos de Sogama



Aerversu firma o manifesto "Vertido cero"

A [Asociación de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos \(Aerversu\)](#), da que Sogama forma parte, subscribiu o Manifesto por un vertido cero de residuos reciclables e valorizables, ao que se sumaron un total de 17 entidades pertencentes ao sector medioambiental. A firma tivo lugar o pasado 6 de maio na Casa Encendida de Madrid.

O fin deste documento conxunto é contribuir á transición cara a unha economía circular na que os residuos sexan convertidos en recursos, maximizando o aproveita-

mento dos mesmos. Con esta folla de ruta avanzárase cara ao verdadeiro desenvolvemento sostible, entendido como aquel que logra compatibilizar, de forma harmónica, o crecemento económico, a protección ambiental e a cohesión social.

Aerversu aglutina a dez plantas de valorización enerxética situadas en distintos puntos xeográficos: Tirme, nas Illas Baleares; Zabalgardi, no País Vasco; Trargisa, Mataró e Torsa, en Cataluña; Remesa, en Melilla; Tircantabria, en Cantabria; Tirmadrid, en Madrid; Sogama, en Galicia, e Ctrasa, en Andorra.

SUBIR

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Efemérides medioambientais

Varias foron as efemérides celebradas e conmemoradas nos pasados meses nas que un dos seus protagonistas, senón o principal, foi o medio ambiente.

Con motivo da conmemoración do **Día das Letras Galegas (17 de maio)**, Sogama editou, desde a dimensión ecolóxica, a unidade didáctica "Horta de Letras!" dispoñible no portal educativo www.cadernoverde.com. Esta ficha, específica sobre ortografía e expresións propias da lingua galega, está orientada aos profesores e alumnos de terceiro ciclo de primaria.

O mesmo 17 de maio, celebrouse o **Día Mundial da Reciclaxe**, instaurado pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO). Neste eido, Sogama promove distintas campañas de formación tales como "Separemos ben, reciclaremos mellor".

Na semana seguinte, o **22 de maio**, conmemorase o **Día Internacional da Diversidade Biolóxica**, que este ano se difundiu baixo o lema "Biodiversidade para o Desenvolvemento Sostible", facendo especial fincapé na importancia que esta ten para o desenvolvemento sostible. A perda de biodiversidade avanza a un ritmo nunca visto: mil veces superior aos rexistros históricos. Segundo o PNUMA (Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente), case 48.000 especies están ameazadas e 17.000 delas atópanse en perigo de extinción. Ademais, nos últimos 8.000 anos, un 45 por cento dos bosques orixinais da Terra desapareceron.

Precisamente, dous días despois, o **24 de maio** e baixo o lema "A Natureza. O noso Negocio e O noso Compromiso", o **Día Europeo dos Parques** incidiu no papel fundamental que estes desempeñan na conservación da contorna natural, na saúde da poboación, na cultura e na creación de oportunidades empresariais.

Océanos

O **1 de xuño**, **Día da Ciencia en Galicia**, a Xunta homenaxeou a Ángeles Alvariño González (1916-2005), a primeira oceanógrafa da nosa comunidade e primeira muller que participou nunha campaña oceanográfica a bordo dun barco británico. Alvariño publicou un cento de traballos en revistas de prestixio e descubriu 22 novas especies de zooplacton, dúas das cales levan o seu nome. O seu legado científico e persoal atópase no Arquivo Municipal da Coruña.



"Uns océanos sans, un planeta san" foi o lema do **Día Mundial dos Océanos 2015** que o **8 de xuño** Sogama celebrou xunto co concello de Burela. Aquí, o Centro de Educación Gaia deseñou e desenvolveu durante todo xuño actividades para sensibilizar aos cidadáns no coidado dos océanos, levando a cabo tarefas de limpeza de praias e zonas costeiras.

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira

Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros

Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Receitario

SUBIR

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Receitario

Concurso "Aprovéitade do que che sobra": receita de lasaña de lacón con grelos

Imaxinación ao poder! Rubén Amorín Díaz, de Ourense, aproveitou unhas sobras de lacón con grelos que preparou a súa avoa Inés para unha comida familiar de domingo. Sen dúbida, unha forma diferente e saborosa de degustar este prato tradicional e de paso, que o coman os máis pequenos da casa sen un chío!

Esta saborosa receita foi unha das candidatas ao concurso enmarcado na campaña "Aprovéitade do que che sobra", que podes consultar na web www.aproveitadedoquechesobra.es.

Se te animas a preparar a receita, contá-nolo no noso [Facebook](#) ou [Twitter!](#)

Lasaña de lacón con grelos

Nivel de
dificultade: 1 2 3

CANTIDADES E INGREDIENTES:

Para a masa

- 500 gr de lacón cocido
- 500 gr de grelos
- 1 tomate grande
- 1 cebola mediana
- 1 bote de tomate triturado natural
- 1 paquete de placas de lasaña precocidas
- 1 litro de caldo de cocido (ou caldo de carne)
- 50 gr de queixo relado para gratinar
- 1 cullerada sopeira de manteiga
- 200 ml de nata líquida para cociñar
- Aceite de oliva virxe extra
- Sal



ELABORACIÓN

Recheo

- Poñemos o caldo a ferver e botámolo nun recipiente plano. Somerxemos nel as placas de lasaña 20 minutos para hidratalas. O número de placas a usar dependerá do recipiente no que se prepare a lasaña. Rubén usou 10.
- Picamos a cebola e o tomate (pelado) en dados e refo-gamos ambos nunha tixola con aceite de oliva a lume medio. Transcorridos uns 10 minutos, incorporamos os grelos (ben escorridos) e o lacón cocido moi picados.
- Misturamos ben todos os ingredientes, salamos a gusto e deixamos sofrixir uns 5 minutos a lume medio.
- Engadimos o tomate triturado e o medio vaso de caldo. Cociñamos 10 minutos removendo de vez en cando.
- Aproveitando o caldo, substituiremos o tradicional bechamel por unha Velouté: unha salsa de orixe francesa que se fai cun caldo "claro" en vez de leite.

Salsa Velouté

- Fundimos a manteiga nunha tixola a lume medio-alto. Engadimos a fariña, removemos sen pausa para que se vaian mesturando e incorporamos a nata.
- Colamos o caldo para que non vaian restos de pasta e incorporámolo na tixola. É importante remover todo momento para conseguir unha textura parecida á bechamel. Se quedan gomos, desfacelos coa axuda dun garfo ou bateadeira.

Montaxe

- Vertemos unha fina capa de Velouté no fondo da fonte para que non se pegue a pasta á base.
- Colocamos unha capa de placas, logo unha de rustrido e cubrimos cunha de Velouté. Repetimos, podendo facer máis ou menos capas dependendo da fonte.
- Sobre a capa final, espaxamos o queixo relado para gratinar que máis nos guste.
- Introducimos no forno 20 minutos a 200°C e nos últimos 5 activamos a opción de "grill ou gratinar", para conseguir que o queixo se doure.
- Servir moi quente na mesa, acabada de saír do forno e a chupar os dedos!

Entrevistamos a...

Ricardo García Mira
Doutor en Psicoloxía e profesor na UDC

Cristina Tomé Barros
Técnica de Medio Ambiente na conca do Lérez

Mundo Sogama

Sogama recibe o Premio Cantábrico Excelente 2015

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama aproba a licitación da ampliación das instalacións de Sogama

Visitas de delegacións de Lipor (Portugal) e de Macedonia

Concurso público para mellorar as depuradoras do complexo industrial

Finaliza o curso en liña para profesorado de secundaria

Segunda visita de seguimento do programa de compostaxe doméstica da Deputación de Ourense

A campaña autonómica da reciclaxe continúa sumando quilómetros

Segunda caracterización do programa "Recíclate con Sogama"

Premios escolares da 3ª edición de "Recíclate con Sogama"

Novo convenio coa CEL de Lugo

Renovada a colaboración coa Fundación Campus de Lugo

Multimedia

Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es

